

As saídas do labirinto

Description

Sobreviva ou non Ieltsin á actual crise política, as opcións que se presentan no futuro inmediato de Rusia poderíamos reducilas a tres. Primeira, un goberno de salvación nacional con participación significativa das principais forzas políticas. Segunda, unha alianza Chernomirdin-Lebed, marxinando ós comunistas. Terceira, un pacto con Ziuganov, excluindo a Lebed. Se as coalicións, todas transitorias e precarias, deben construírse sobre un programa económico, en aparencia, as coincidencias serían maiores con Lebed que con Ziuganov, pero este controla a Duma. Probablemente, tanto o FMI como os poderes económicos locais considerarán menos mala a segunda opción. Ó seu favor está tamén a extrema volatilidade dos deputados rusos. Soamente así pode comprenderse que un liberal como Kirienko obtivera no seu día o visto e prace dun Parlamento teoricamente controlado polos comunistas.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

ARQUIVO Balcáns

IDIOMA

Galego

Date Created

Agosto 31, 1998

Meta Fields

Autoría : 3717

Datapublicacion : 1998-08-31 00:00:00